

# Abracadabra Nº 36

DE PASEO POLO MUSEO

PASATEMPOS

GALERÍA DE FOTOS

MANUALIDADE

QUE HAI DE NOVO ...?



# De paseo polo museo

Ola... Perdoade o caos que teño na habitación... Que de que son todos estes libros?... Son de pintura. Tamén é o que estou a mirar na internet... Cántovos...

Xa sabedes que me encanta pintar, así que aproveitando as vacacións de verán apunteime a un cursiño de pintura de dúas semanas. O primeiro día, a modo de presentación, preguntáronnos se tiñamos algún cadro ou pintor preferido, e que dixésemos o nome de varios cadros e/ou pintores. Pois ben, decateime de que a pesar da gran participación da clase, apenas saíran pintores galegos... e xa non vos digo nada se falamos delas, as pintoras galegas... A ver, si, vós... parádevos un momento para pensar e nomear todas as pintoras e pintores galegos que saibades...

Pois iso, que decidín poñerme ao día sobre este tema e dar-me un paseo polo museo virtual da pintura galega.

Antes de nada, debo sinalar que aínda que o verán parece longo, non dá tempo para moito, así que hai nada que me puxen co tema, polo que queda moito por andar. De momento, vouvos contar o que teño. Decidín empezar por elas, polas pintoras galegas. Ben, galegas ou que desenvolveron maioritariamente o seu traballo en Galicia.

E así, atopámonos con **Ana Karina Lema Astray**, que aínda que naceu en Bos Aires e vive actualmente en Valencia, pasou gran parte da súa infancia e mocidade na Coruña, onde residiu desde os 9 anos. Con traballos pulcros e coidados ao detalle, de forte carga simbólica, moi relacionada co mundo dos contos e os soños, a obra de Ana Karina Lema Astray convidanos a traballar a partir dun téxtil estampado e buscar a creación de personaxes ou animais que albiscamos a partir deste material.



Por outra banda, gustárame mencionar a **Anne Heyvert**. Que por que a meto aquí?... É certo que naceu en Estados Unidos e viviu en Bélxica, Francia, Santiago de Compostela e Luxemburgo antes de instalarse en Oleiros (A Coruña)... Pero é aquí onde quedou... segundo a información que atopei.

Coa obra de Anne Heyvert investigamos a forza da idea de caixa pechada ou aberta como a de Pandora, cartón e imaxinación ao poder! Habería moito que dicir... pero tendo en conta que a paciencia da miña nai é limitada, creo que é mellor que lle botedes unha ollada á súa obra.




E pasamos a outra pintora galega, **María Elena Gago**. Xa sei que non é moito, pero non podo estenderme demasiado porque xa está a miña nai chamándome para ir cear. Xa sabedes, mañá é día de escola...

Pois ben, María Elena Gago, tamén coruñesa, tendía cara a un realismo poético, é dicir, representaba nos seus cadros un mundo de evocacións e de ilusións a partir dun realismo minucioso. O seus interiores fannos reflexionar sobre os espazos que habitamos, os cales descubrimos a forza da técnica de colaxe.



E así, chegamos á última pintora por hoxe. Luisa Valdés. Seguro que vos soa...pois si...é a artista que imparte os obradoiros de pintura na nosa biblioteca.

Os seus cadros, levarannos a traballar a arte abstracta e a xogar coa xeometría. A divertirnos colocando unha trama de cinta que nos desvelará o armazón xeométrico ao despegala... Si, mamá, xa vou...



Agora si que si... En fin, sinto deixarvos así, agora que xa vos metera o vermeño da curiosidade. Pero a miña nai ten as súas propias prioridades... de todos os xeitos, na Biblioteca podedes atopar unha chea de libros que vos acompañarán neste apaixonante paseo polo museo da pintura galega.

E quen sabe... pode que algún de vós, ou eu mesmo... formemos parte da futura quenda de pintores galegos.

Ata o próximo número e non esquezas document-arte.

\* As imaxes que aparecen no texto son obras das artistas mencionadas anteriormente e dos nen@s que participaron no obradoiro de pintura organizado pola biblioteca este verán.

# PASATEMPOS

## SOPA DE LETRAS

Localiza 12 pintores e crea a túa galería de arte

S V A L L O R E N S  
 K O E X S Q P M Ñ C  
 A A T L A A E O I E  
 N L P O A K G N L Z  
 D E I F M Z I E A A  
 I T C W U A Q T D N  
 N S A U N N Y U R N  
 S A S X C L U O E E  
 K C S E H I V D R Z  
 Y B O M U R I L L O

Atopa as 6 diferenzas que se agochan neste cadro. Se es capaz...



## CHISTES

A continuación o que estabades esperando. Os chistes!!! Para rir a esgalla

Nunha exposición de pintura preguntanlle a un:

- A vostede gústalle a pintura?
- Si, pero máis dun bote repíteme.

Que é verde e cheira a pintura?  
 - A pintura verde

Sabes quen é o mellor saltador do mundo?

- Non. Quen?
- Pintura
- Pintura?
- Si. Quen non oíu falar dos botes de Pintura?

Desculpe. Ten pintura azul escuro?  
 - Claro  
 - Claro non. Escuro!

O T L L O  
 Z R H S K  
 E E O C S V S  
 N U Y N S V N  
 D N Q V B C I T C  
 V A E V M Z M E I  
 Z N L Z G N L P O V N L P O V  
 E O I E V A T L V O I E  
 C M S K O E S  
 S V L L O R E N S S V L L O R E N S

Soluciones



# GALERÍA DE FOTOS



Agasallamos, o Día da Biblioteca, aos usuarios que máis leen nas diferentes categorías: Íñigo Gutiérrez Folgueiras (rojo), Juan Francisco Pazos Seoane (verde), Sara Castro Quintas (amarillo), Carlos Rodiles Freire (morado)

# MANUALIDADE Taza abstracta

Piet Mondrian era un artista abstracto que desarrolló un estilo inconfundible: pintaba gruesas líneas negras que se cruzaban formando rectángulos, y solamente usaba los colores primarios (rojo, azul y amarillo), además de negro, blanco y gris. ¿Por qué no te inspiras en su llamativo estilo para crear una taza? ¡El arte no tiene por qué estar siempre en las paredes!




**DATOS DEL ARTISTA**  
**NOMBRE:** Piet Mondrian  
**VIDA:** 1872-1944  
**PAÍS DE ORIGEN:** Países Bajos

## ¡PISTA!

Usar cinta washi o cinta de pintor es un buen truco para que tus líneas salgan tan rectas como las de Mondrian, pero requiere tiempo y paciencia. Si no te importa que las rayas queden un poco más torcidas, puedes traerlas a mano.


### NECESITARÁS:

- taza de loza blanca
- rotuladores para cerámica
- cinta de carroceros o cinta washi
- toallitas húmedas.



3. Añade más tiras verticales y traza otras tantas líneas. Ten cuidado de no pegar cinta encima de las rayas ya pintadas. Cuando tengas suficientes líneas verticales, deja que se sequen durante unas horas.

líneas verticales



## ¡Para pensar!


Mondrian solo usaba colores primarios. Mira el círculo cromático de la p. 36. ¿Qué tres colores usarías tú si te inspiraras en el estilo de Mondrian?

## ¡PISTA!

Estos rotuladores para cerámica tardan un par de días en secarse del todo. Mientras están pintando, procura mantener la taza recta y separada de cualquier superficie para que no se emborrone. Ten a mano alguna toallita húmeda para retirar cualquier mancha antes de que se seque.

3. Cuando las líneas verticales estén secas, pega tiras horizontales y reproduce los mismos pasos. Al acabar, la taza mostrará cuadrados y rectángulos.

líneas horizontales



Deja que las líneas se sequen bien.

3. Lava la taza con agua y jabón y sécala bien antes de empezar a trabajar.

\* Si las instrucciones de los rotuladores indican que hay que hornear para fijar la pintura, hazlo con ayuda de un adulto.

2. Pega en la taza una tira de cinta vertical. Con un rotulador para cerámica negro, traza su borde. Espera un par de minutos antes de retirar la cinta para que la línea no se emborrone.



3. Comprueba que las rayas negras están secas y rellena algunos de los huecos con los colores que quieras.



6. Si quieres repasar alguna zona para tapar huecos blancos, espera un par de horas para que la primera capa se seque.



Esta manualidade e outras máis as podes atopar no libro "23 ideas para ser un gran artista" de Jennefer McCully. Localizao na biblioteca no 37 MCC vei / r

## QUE HAI DE NOVO...?

\* **ACTIVIDADES.** Comezamos o curso cun taller de "Robótica" e "Impresión en 3D". No vestíbulo da biblioteca realizaremos Talleres abertos para todas as idades para celebrar o "Día da biblioteca" e o "Samain". En Nadal organizamos os Talleres de pintura, impartidos por Luisa Valdés. Consultanos na biblioteca.

\* Xa podesdes facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>. É moi sinxelo, accede ó catálogo da biblioteca e busca "acceso á miña conta" e inicia a sesión introducindo o teu nome e apelido e o número de usuario da biblioteca e xa podes reservar e renovar. Lembra que tes que ter o carné en vigor, e non ter obras co prazo de devolución finalizado.

\* Comezamos co **BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 casas que che propoñemos e se o finalizas poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e ademais terás preferencia á hora de anotarte ás actividades. Anímate!

\* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

- WEB:** <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>  
**Blog:** <http://bibliotecadacoruna.blogspot.com>  
**Fotos:** [www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna](http://www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna)

